

Nas profundas augas do esquecemento

: 00000401
: Vences Fernández, Sergio
: Nas profundas augas do esquecemento
: Nume
: 978-84-92792-44-3
:
Novela
:
: 15,00€



:

Normal 0 21 285pp

13x20

Este libro que se presenta á benevolencia ou malevolencia de quen ler podería ser unha novela, unhas confesións, unha autobiografía ou unhas memorias. O certo é que o escrito é xa case cincuentenario. Naceu a principios dos anos sesenta do pasado século. presentouse ao premio planeta de novela e figurou entre as quince novelas finalistas. Ao seu regreso a Madrid, chamoume por teléfono dona Carmen Laforet, que fora membro do xurado. Desexaba falar comigo. Eu estudaba naquela altura Filosofía e Letras. Xa lera eu Nada, unha das novelas, con La familia de Pascual Duarte, que inauguraba a nova época da novelística española. Recibíume moi afectuosamente. Convidoume a un café e, de súpeto, preguntoume: “-Pero, ¿é certo o que vostede conta na novela?”, “-Pois si, dona Carmen, é verdade”. “-Pois ben, eu fun quen a presentou como unha das finalistas pero, como vostede pode comprender, hoxe por hoxe non se pode publicar en España. non a rompa. Espere tempos mellores, que teñen que vir. O que tamén quería dicirlle é que tiña ás miñas fillas nun colexio de monxas e en canto lin a súa novela, matriculeinas no Liceo Francés”.

Nume:

Prosa e verso da literatura galega